


**FACULTAD DE CIENCIAS EMPRESARIALES Y
TURISMO**



DO	PROCEDIMIENTO DA PLANIFICACIÓN E DESARROLLO DA ENSEÑANZA
R2-DO0203	INFORME FINAL DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

CURSO 2014-2015

Universidade de Vigo	INFORME FINAL DO PAT	Facultad de Ciencias Empresariales y Turismo	CODIF: R2-DO0203
----------------------	----------------------	---	---------------------

PRESENTACIÓN

A avaliación do PAT concíbese como un proceso de recollida e análise de información relevante que achega datos sobre:


- Os resultados obtidos a partir da posta en práctica do plan (produtos).
- A idoneidade dos medios e dos recursos empregados para obter os citados resultados (proceso).

Os datos da avaliación constituirán un elemento para reflexionar que contribuirá a lograr os obxectivos establecidos con carácter xeral. Constitúe unha ferramenta esencial xa que proporciona a información precisa para as decisións que se van tomando durante a planificación, o desenvolvemento e a finalización do PAT.

As principais fontes de datos serán:

- Os rexistros do PAT (fichas, anotacións, incidencias).
- As enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado.
- Os indicadores de impacto das actuacións (número de actuacións, participación, asistencia, solicitudes do estudiantado, etc.).

Neste documento preséntase a valoración global das accións realizadas. Analízase o nivel de consecución dos obxectivos previstos, así como as dificultades atopadas, as modificacións introducidas e as consecuencias e propostas de mellora que deberían incorporarse ao plan do curso seguinte.

	INFORME FINAL DEL PAT	Facultad de Ciencias Empresariales y Turismo	CODIF: R2-DO0203
---	-----------------------	--	------------------

CUMPRIMENTO DA PLANIFICACIÓN E SEGUIMENTO DO PAT EN GRAOS

Ficha para a Avaliación do PAT Grados (Turismo e ADE)					
Grao de Cumprimento do PAT respecto ao Planificado					
Actuacións de organización					
Actividade	(Marcar cunha x)			Xustificación	Nº de asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Act. 1: Organización-Presentación (Outubro) (envío mail os titores)			X	Desenvolveuse con normalidade.	Envío mail a todos os titores
Act. 2: Reunión Alumnos/as-titores/as (Outubro)		X		Non se levou a cabo a reunión proposta para finais de Maio, antes dos exames finais.	209
Act. 3 Asesoramento Seguimento continuo (outubro a Xullo)			X	Os alumnos solicitaron información ós titores sobre cursos, convalidacións, becas...	19
Act. 4: Análise-Avaliación final do PAT		X		Falta moita información.	Análise elaboradora polo coordinador.
Actividades de acollida					
Actividade	(Marcar cunha x)			Xustificación	Nº de asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Xornada de presentación (Setembro)			X	Desenvolveuse con normalidade e de forma conxunta coa participación de todos os implicados	-----
Acto presentación (Setembro)			X	Equipa Decanal. Conferencia inicio curso. Presentación de cada unha das materias	-----
Actividades de apoio e seguimento					
Actividade	(Marcar cunha x)			Xustificación	Nº de asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Reunión Grupal (Novembro)			X	Realizouse con normalidade.	104
Reunión Grupal (Abril)			X	Realizouse con normalidade.	87
Reunión Grupal (Maio)	X				
Actividades de carácter formativo					
Actividade	(Marcar cunha x)			Xustificación	Nº de asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Curso 0					
Ciclo conferencias, seminarios e/ou xornadas					
Conclusiones					

- Mellorouse a asistencia do alumnado respecto ó curso pasado grazas ó feito de facer as reunións de grupo na clase. Os alumnos coñeceron a existencia do PAT, a súa importancia e quen é o seu titor. Ademais, os titores mandaron a cada un dos seus tutelados un e-mail coa súa información e as súas labores como titor. Os titores manifestaron a súa predisposición de axudar e asesorar ós alumnos nos seus problemas académicos ou burocráticos.

BORRADOR

CUMPRIMENTO DA PLANIFICACIÓN E SEGUIMENTO DO PAT NO MASTER EN CREACIÓN, DIRECCIÓN E INNOVACIÓN EN LA EMPRESA

Ficha para a Avaliación do PAT				
Grao de Cumprimento do PAT respecto ao Planificado				
Actuacións de acollida e organización				
Actividade	(Marcar cunha x)			Comentarios
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente	
Act. 1: Sesión de Organización- Presentación (setembro-outubro)			X	O mestrado comezou cunha sesión de presentación para os alumnos de novo ingreso, na que se lles informou sobre o plan de estudos e as guías docentes, os horarios e outros aspectos fundamentais da organización docente do mestrado. Tamén se lles deu información sobre a normativa e os servizos administrativos da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, e sobre os principais servizos que a propia Universidade de Vigo oferta aos seus alumnos. Subliñóuselles tamén a importancia de participar nos distintos procesos de avaliación da satisfacción e de aproveitar as oportunidades que brinda o PAT para contribuír a mellora da titulación.
Act. 2: Reunión Alumnos/as-titores/as (setembro-outubro)			X	Reunión celebrada o 11 de setembro de 2014, á que asistiron os alumnos de novo ingreso. Rexistrada mediante a cumprimentación da Ficha de seguimento de titorías grupais (Anexo II).
Act. 5: Análise- Avaliación final do PAT (xuño-xullo)			X	Análise dos cuestionarios de satisfacción (9 en total) e das evidencias recollidas nas fichas de seguimento das titorías celebradas ao longo do curso.
Actividades de apoio e seguimento				
Actividade	(Marcar cunha x)			Comentarios
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente	
Act. 2: Reunión Grupal (setembro-outubro)			X	Reunión celebrada o 11 de setembro de 2014, á que asistiron os alumnos de novo ingreso. Rexistrada mediante a cumprimentación da Ficha de seguimento de titorías grupais (Anexo II).
Act. 3: Asesoramento Seguimento continuo (outubro a xullo)			X	Comunicación continua cos alumnos, tanto de forma presencial como a través do correo electrónico. Non se rexistran evidencias das reunións individuais, pero si das reunións grupais (celebradas o 24 de outubro de 2014 e o 15 de novembro de 2014), mediante a cumprimentación da Ficha de seguimento de titorías grupais (Anexo II). Nas reunións individuais tratáronse e resolvéronse cuestións puntuais suscitadas por diferentes alumnos.
Act. 4: Reunión Grupal (maio-xuño)			X	Realizouse unha reunión final co grupo de alumnos do mestrado, celebrada o 10 de maio de 2015. Rexistrada mediante a cumprimentación da Ficha de seguimento de titorías grupais (Anexo II). Durante a mesma, pasáronse aos alumnos os cuestionarios de satisfacción (Anexo V-A).

Actividades de carácter formativo

Actividade	(Marcar cunha x)			Comentarios
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente	
Ciclo conferencias, seminarios e/ou xornadas			X	<p>Como actividades complementarias, desde decembro de 2014 a maio de 2015 realizáronse visitas a empresas e centros tecnolóxicos como Indítex, Faurecia, Parque Tecnolóxico de Galicia, Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia e Centro Tecnolóxico da Carne. Estas visitas permítenlle ao alumnado entrar en contacto con empresarios de destacadas organizacións, mostrarlles os seus coñecementos e ideas. Igualmente, posibilitoulles coñecer os sectores produtivos, as empresas e os seus emprendedores, coa finalidade de que, a partir deste coñecemento, se xerasen ideas de mellora que nun futuro puidesen derivar en novos proxectos empresariais (emprendemento) ou ben en proxectos de mellora e innovacións en empresas xa asentadas no mercado (intraemprendemento).</p> <p>Tamén se realizou en outubro de 2014 unha Xornada “Habilidades directivas para innovar”. A esta actividade acudiron, tanto o alumnado do Máster, como alumnado externo ao Máster. Este tipo de iniciativas de formación permítenlle ao alumnado externo coñecer a titulación e compartir coñecementos e experiencias con alumnado que está a cursar o Máster.</p>

CUMPRIMENTO DA PLANIFICACIÓN E SEGUIMENTO DO PAT NO MASTER EN DIRECCIÓN E PLANIFICACIÓN DO TURISMO DE INTERIOR E DE SAÚDE

Ficha para a Avaliación do PAT Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo de Interior e de Saúde					
Grao de Cumprimento do PAT respecto ao Planificado					
Actuacións de organización					
Actividade	(Marcar cunha x)			Xustificación	Nº de asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Act. 1: Reunión Alumnos/as-coordinadores/as 11/09/2014			X	-Presentación da programación do master, materias e responsables de cada materia. -Presentación da materia TFM, procedementos e normativa. -Presentación da materia prácticas, procedementos e normativa. -Explicación dos modos de contacto coa coordinación e responsables de materias. -Asignación de titores aos alumnos (PAT). -Explicación do funcionamento e dinámicas do master, acceso á plataforma da universidade (fatic) e conta de correo. -Explicacións xerais sobre a facultade e Universidade de Vigo.	10
Act. 3 Asesoramento Seguimento continuo 19/12/2014			X	-Interese por parte da coordinación do desenvolvemento do primeiro cuadrimestre. -Interese por parte da coordinación do estado dos TFMs. -Interese polos alumnos coas prácticas pendentes de asignación.	10
Act. 5: Análise-Avaliación final do PAT 20/03/2015			X	-Interese por parte da coordinación do desenvolvemento do curso, quedando so pendentes as prácticas e defensas de TFM en xullo.	10

Actividades de acollida					
Actividade	(Marcar cunha x)			Xustificación	Nº de asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Xornada de presentación de 11/09/2014			X	Dende a coordinación presentouse información do master (materias, profesorado, acceso á plataforma, procedementos do TFM e prácticas, o PAT...). Finalmente propúxose unha quenda de preguntas na que os alumnos formularon todas as súas inquietudes: métodos de avaliación, empresas nas que facer as prácticas, proceso do TFM e asignación de titores...	10
Actividades de apoio e seguimento					
Actividade	(Marcar cunha x)			Xustificación	Nº de asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Reunión Grupal 19/12/2015			X	Dende a coordinación preguntouse aos alumnos como se desenvolveu o primeiro cuadrimestre e a avaliación continua (quedando aínda pendentes os exames de xaneiro). A coordinación tamén se interesou polo estado dos TFMs, sendo so un alumno de nova matrícula o interesado en defender na primeira convocatoria (marzo), explicando o resto que aínda están en fases iniciais da investigación, polo que optarán pola defensa en xullo. Finalmente, a coordinación preguntou polo tema de prácticas. A maioría dos alumnos xa elixiu empresa en novembro (prazo estipulado pola coordinación para cubrir o impreso de solicitude), quedando	10

				dúas alumnas pendentes por temas laborais e de compatibilidade de horarios.	
Reunión Grupal 20/03/2015			X	Dende a coordinación preguntouse aos alumnos como se desenvolveu o segundo cuadrimestre e curso en xeral. A coordinación tamén se interesou polo estado dos TFMs, xa que no primeiro cuadrimestre a maioría optou directamente pola defensa en xullo. Finalmente, a coordinación matizou pequenos detalles das prácticas, próximas ao seu inicio.	10


Actividades de carácter formativo

Actividade	(Marcar cunha x)			Xustificación	Nº de asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
I Congreso internacional de la OMT sobre Turismo y Peregrinaciones. 17-20 setembro 2014			X	Asistencia do alumnado a dito congreso, primeiro internacional neste ámbito (ligado á temática do master)	6
Saída de Campo: Turismo Urbano na cidade de Ourense. Responsable D. Emilio Cuiñas (Autoxiro) 16 outubro 2014			X	Saída formativa pola zona vella da cidade, vinculada á materia Turismo Interior e Rural	8
Sesión inaugural. Conferencia: "Entender la imagen de un destino turístico: factores que la integran e influencia de las motivaciones". Dra. María Asunción Beerli (Universidad de las Palmas de Gran Canarias). Experiencias alumnas egresadas: Gerente Consorcio A Ribeira Sacra y fundadora Orion Congress. 23 outubro 2014			X	Apertura oficial do curso cunha conferencia vinculada a temática de marketing turístico e experiencias de alumnas egresadas na súa vida laboral.	15
Saída formativa: Turismo enolóxico na DO A Ribeira Sacra 30 outubro 2014			X	Saída vinculada á materia Turismo Interior e Rural.	12
Saída formativa: Turismo e sidra			X	Saída vinculada á	12

Visita instalacións sidrería Ribela 6 novembro 2014				materia Turismo Interior e Rural.	
Obradoiro pesquisa de datos secundarios en bases de datos. Biblioteca Central Campus Ourense 27 novembro 2014			X	Obradoiro de apoio á materia TFM e ás materias do master en xeral.	15
Obradoiro "Como elaborar un traballo fin de master", impartido pola Dra. Noelia Araújo Vila 5 decembro 2014			X	Obradoiro preciso para levar a cabo a materia TFM.	25
Conferencia "Imagen de marca turística", impartida polo profesor Dr. Julio Cerviño (Universidad Carlos III, Madrid) 13 decembro 2014			X	Conferencia vinculada ao marketing turístico.	10
Saída formativa Madrid, con fin de visitar FITUR (Feira Internacional Turismo) 28-30 xaneiro 2015			X	Entrada dos alumnos en FITUR, principal feira turística do país, en días dedicados a profesionais.	8
XXV Xornadas Hispano-lusas de Xestión Científica 4-7 febreiro 2015			X	Asistencia dos alumnos ás sesións da área de turismo.	12
Foro sobre "El sector termal gallego. Estrategias de crecemento y retos de futuro". 18 febreiro 2015			X	Asistencia ao foro por parte dos alumnos. Temática vinculada á materia Turismo Termal e de Saúde.	10
Asistencia á Feira Xantar 4-8 marzo 2015			X	Asistencia dos alumnos a dita feira, referencia na provincia de Ourense.	8
XIII Symposium Internacional sobre el Practicum y las Prácticas Externas 29 xuño-1 xullo 2015			X	Asistencia a dito Symposium, específico das prácticas nas titulacións universitarias.	6

Conclusiones

O master ofrece unha rica e completa oferta formativa complementaria que vai máis aló das ensinanzas en aulas. O alumno pode coñecer *in situ* certas instalacións, así como coñecer experiencias pioneiras no campo do turismo.

	INFORME FINAL DEL PAT	Facultad de Ciencias Empresariales y Turismo	CODIF: R2-DO0203
---	------------------------------	---	---------------------

CUMPRIMENTO DA PLANIFICACIÓN E SEGUIMENTO DO PAT NO MASTER EN XESTIÓN EMPRESARIAL DO DEPORTE

Ficha para a Avaliación do PAT Máster Universitario en Xestión Empresarial do Deporte					
Grao de Cumprimento do PAT respecto ao Planificado					
Actuacións de organización					
Actividade	(Marcar cunha x)			Xustificación	Nº de asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Act. 1: Reunión Alumnos/as-coordinadores/as 31/10/2014			X	-Presentación da programación do master e as materias. -Explicación do funcionamento do PAT. -Explicación do funcionamento e dinámicas do master e acceso á plataforma da universidade (faiite). -Información xeral sobre a facultade e a Universidade de Vigo.	19
Act. 3 Asesoramento Seguimento continuo Outubro a Xullo			X	O seguimento continuo realízase durante o días de clases coa dispoñibilidade do coordinador no centro. Ademais da atención do alumno no despacho, vía telefónica ou por correo electrónico durante todo o curso.	23
Act. 5: Análise-Avaliación final do PAT 28/03/2015			X	- No último día de clase presencial o coordinador interese polo desenvolvemento do curso, e invítase al alumnado a valorar e achegar a súa opinión sobre o PAT. - A partir deste momento o PAT céntrase no seguimento das prácticas externas e os TFM.	17
Actividades de acollida					
Actividade	(Marcar cunha x)			Xustificación	Nº de asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Xornada de presentación 31/10/2014			X	Realizouse o primeiro día de clase, explicando todo o funcionamento do máster.	19
Actividades de apoio e seguimento					
Actividade	(Marcar cunha x)			Xustificación	Nº de asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Reunión Grupal: 28/03/2015			X	Aproveitando o último día de clases presencial realízase xunto co alumnado unha valoración do curso e do PAT.	17
Reunións individuais			X	Realizáronse ao longo de todo o curso tanto con visitas no despacho	Coordinador e alumnos que solicitaron


				da coordinación, como con la resolución de consultas vía correo electrónico e teléfono.	reunirse
--	--	--	--	---	----------

Actividades de carácter formativo

Actividade	(Marcar cunha x)			Xustificación	Nº de asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Curso: "Organización e desenvolvemento de eventos deportivos: as claves do éxito" 20 h. duración.			X	Curso complementario da materia Eventos Deportivos que achega a experiencia de expertos na organización de eventos deportivos.	23
Saída formativa: Multiusos Fontes do Sar, Santiago de Compostela			X	Visita guiada que permite coñecer aos alumnos o funcionamento e xestión das distintas áreas dun centro deportivo.	23
VI Congreso Iberoamericano de Economía do Deporte. 17, 18 y 19 de junio.			X	Asistencia de alumnos como relatores presentando comunicacións realizadas a partir dos seus TFM.	2
Obradoiro: Emprego dos recursos bibliográficos da Universidade de Vigo. Biblioteca do Campus de Ourense. 30 de enero			X	Obradoiro de apoio á materia TFM e ás materias do master en xeral.	23

Conclusiones

As actividades de organización, acollida, seguimento e formación levanse a cabo dende a implantación do máster. Para o curso 2014/2015 transformáronse as devanditas accións, que xa se viñan realizando, nun PAT. Dende a coordinación do máster considérase que o PAT implantado é satisfactorio e permite a atención personalizada do alumnado, así como o intercambio de impresións sobre o desenvolvemento do máster que posibilita a súa mellora. Os estudantes puxeron de manifesto, nas distintas reunións mantidas con eles ó longo do curso, a súa satisfacción con funcionamento do PAT, e en definitiva ca atención personalizada que se lles dispensa dende o mestrado.

	INFORME FINAL DEL PAT	Facultad de Ciencias Empresariales y Turismo	CODIF: R2-DO0203
---	-----------------------	---	---------------------

CUESTIONARIOS DE SATISFACCIÓN NOS GRAOS DE ADE E TURISMO

O porcentaxe de resposta ó cuestionario de satisfacción por parte do alumnado dos Grao de ADE e o Grao de Turismo foron extremadamente baixos. Para o caso do Grao en ADE obtivéronse só 13 respostas, e para o Grao de Turismo só 17 respostas. Os resultados da enquisa preséntase no Anexo V-A. En xeral reflicten unha situación que non pode ser considerada como boa. Desta maneira, só un 46 por cento en ADE e un 53 por cento en Turismo valoraron a información previa do PAT como suficiente. O 62 por cento en ADE e o 71 por cento en Turismo manifestan como “Boa” ou “Moi Boa” a organización e coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT. O PAT non alcanzou as expectativas do alumnado que respondeu ó cuestionario: o 54 por cento en ADE e o 47 por cento en Turismo declaran que se cumpriron en “Pouco” o “Nada” as súas expectativas. En ADE, o 62 por cento do alumnado que participou na enquisa valora en “Nada” ou “Pouco” a utilidade do PAT; polo contrario, en Turismo esta porcentaxe é do 36 por cento. Para ADE, o 38 por cento pensa que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas. No caso do Grao de Turismo, esta porcentaxe sube ó 71 por cento. O 54 por cento en ADE e o 53 por cento en Turismo considera axeitado o proceso de seguimento implantado no PAT.

En vista dos resultados da enquisa para os Graos de ADE e Turismo a satisfacción por parte do alumnado non é alto coa implantación do PAT. Agora ben, tamén é preciso matizar as porcentaxes obtidas no cuestionario. En primeiro lugar, moi poucos alumnos contestaron ó cuestionario. É necesario fomentar e incentivar que máis alumnos cubran o cuestionario de satisfacción. É preciso facerlles ver a importancia que ten este cuestionario para favorecer unha mellora no proceso do PAT. En segundo lugar, détéctanse moitas “respostas protesta” no cuestionario. Moitos alumnos límitanse a encher o cuestionario non de forma obxectiva, senón de unha maneira negativa. Tense que modificar o cuestionario de tal maneira que se poidan detectar aqueles alumnos que non valoran de forma obxectiva o PAT, senón que sempre dan unha opinión negativa do Centro. Por exemplo, un alumno do Grao de Turismo manifesta que *“nin me enterei de que existía [o PAT], iso non é por falta de interese, se non por falta do voso traballo de poñervos en contacto con alumnado etc...”*. Este comentario, que se asemella máis a unha queixa, non se axusta á realidade xa que existen evidencias obxectivas que demostran que o PAT foi explicado ó alumnado. En concreto, leváronse a cabo reunións en grupo e mandáronse correos electrónicos por parte do titor.

Obtivéronse uns resultados moi diferentes ós dos estudantes por parte dos titores. Neste caso o grao de satisfacción co deseño, desenrolo e utilidade do PAT foi moi alto. En termos xerais, cabe salientar que o 87.5% dos titores responderon a enquisa (7 de 8 titores). Rexistraron un número total de 16 reunións en grupo e 21 reunións individuais. Tódolos titores consideran que a información previa ofrecida polo equipo coordinador do PAT foi suficiente. Tamén o 57% e o 43% consideran que a organización e a coordinación das actividades vinculadas ó PAT foi “Boa” e “Moi Boa”, respectivamente. O 71.5% dos titores manifestou que a carga de traballo foi “Bastante”, mentres que o 28.5% manifestaron que foi “Pouca”. Tamén tódolos titores consideraron que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas, e que a metodoloxía empregada foi axeitada. É imporante destacar que a utilidade do PAT foi valorada como “Bastante” ou “Moi Útil” para o 71.5% dos titores. Para o 85.7% dos titores o sistema de seguimento foi axeitado. En canto ós comentarios feitos polos titores, propón promover unha maior participación dos estudantes, solicitar máis medios, e a realización de cursos de formación.

No que atange as titulacións de master ofrecidos pola facultade, non se dispón de información do nivel de satisfacción no Máster en Creación, Dirección e Innovación na Empresa e no Máster en Xestión Empresarial do Deporte. Iso si, no Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo de Interior e de Saúde preséntase os resultados das Enquisas de Satisfacción do Estudantado, en onde pódese apreciar o elevado grado de satisfacción dos alumnos.

	INFORME FINAL DEL PAT	Facultad de Ciencias Empresariales y Turismo	CODIF: R2-DO0203
---	-----------------------	---	---------------------

CONSECUCCIÓN DOS OBXETIVOS EN GRAO


Ficha para a Avaliación do PAT				
Grao de Consecución dos Obxectivos				
Obxectivos Xerais				
Obxectivo	(Marcar cunha x)			Xustificación
	Non logrado	Parcialmente logrado	Logrado	
Establecer un sistema de información, orientación e seguimento académico para os/as estudantes que están realizando estudos de grao mediante a asignación dun profesor/a-tutor/a.			X	Xornada de presentación (Outubro) Acto presentación (Outubro) Curso 0 Ciclo conferencias, seminarios e/ou xornadas
Motivar unha participación activa do alumnado de novo ingreso nos distintos aspectos da vida universitaria.		X		
Ampliar a información que os estudantes teñen sobre a Universidade, os servizos que ofrece, os proxectos nos que poden participar, as bolsas ás que poden optar....		X		
Conclusións				
A pesares dos esforzos realizados, todavía está a ser un problema a escasa participación do alumnado no PAT.				

Ficha para a Avaliación do PAT				
Grao de Consecución dos Obxectivos				
Obxectivos Específicos				
Obxectivo	(Marcar cunha x)			Xustificación
	Non logrado	Parcialmente logrado	Logrado	
Fomentar a implicación dos estudantes na Xestión do Centro.		X		Participan nas Comisións do centro
Favorecer a comunicación cos estudantes e mellorar a satisfacción coa información recibida		X		
Dar cobertura ás necesidades de apoio formativo dos alumnos.		X		Xornada de Precurriculum. Celebración de "Cursos 0"
Conclusións				
Como o ano pasado, cumpríronse so parcialmente os obxectivos. É necesari seguir traballando para que os alumnos se impliquen na Xestión do Centro. É necesario tamén coñecer as súas deficiencias formativas para manter, crear ou modificar os cursos cero que estánse a ofertar na facultade.				

CONSECUCIÓN DOS OBXETIVOS EN MÁSTER

Máster en Creación, Dirección e Innovación en la Empresa

Ficha para a Avaliación do PAT				
Grao de Consecución dos Obxectivos				
Obxectivos Xerais				
Obxectivo	(Marcar cunha x)			Comentarios
	Non logrado	Parcialmente logrado	Logrado	
Establecer un sistema de información, orientación e canalización socio educativa para as alumnas e alumnos de novo ingreso mediante a asignación dunha persoa docente titora, facendo especial énfase nos alumnos de novo ingreso.			X	Obxectivo logrado mediante a asignación dun titor de PAT aos novos alumnos, aos cales informóuselles de dita asignación durante a reunión grupal celebrada o 11 de setembro de 2014.
Implantar un sistema de información para o estudiantado sobre o funcionamento do centro, facendo especial énfase nos alumnos de novo ingreso.			X	Obxectivo logrado mediante a sesión de presentación para os alumnos de novo ingreso celebrada ao principio do curso.
Motivar unha participación activa do alumnado nos distintos aspectos da vida universitaria, facendo especial énfase nos alumnos de novo ingreso.		X		Tal como xa se puxo de manifesto o curso anterior, a completa consecución deste obxectivo resulta complicada dadas as propias características dos alumnos de mestrado. Trátase de persoas que só veñen á Facultade para as sesións e as actividades presenciais programadas polo mestrado. De todos os xeitos, froito da insistencia nas propias reunións do PAT, conseguiuase que os alumnos fagan un maior uso dos servizos da Facultade (sala de estudo, salas de ordenadores,...) e asistan a actos e conferencias organizados polo centro.
Axudar o alumnado nas situacións persoais que dificulten o seu normal desenvolvemento da actividade académica.			X	Obxectivo logrado mediante as distintas reunións, tanto individuais como grupais, celebradas ao longo do curso.
Empregar o PAT como unha forma máis de obtención de datos e valoración sobre o propio desenvolvemento e mellora da calidade da titulación.			X	Obxectivo logrado mediante as distintas reunións, tanto individuais como grupais, celebradas ao longo do curso e mediante a elaboración e redacción do informe final. A este respecto cabe sinalar que neste curso superouse a debilidade, manifestada no anterior curso, que supoñía a ausencia de rexistros das accións de titorización.


	INFORME FINAL DEL PAT	Facultad de Ciencias Empresariales y Turismo	CODIF: R2-DO0203
---	-----------------------	---	---------------------

Máster en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde

Ficha para a Avaliación do PAT				
Grao de Consecución dos Obxectivos Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde				
Obxectivos Xerais				
Obxectivo	(Marcar cunha x)			Xustificación
	Non logrado	Parcialmente logrado	Logrado	
Establecer un sistema de información, orientación e seguimento académico para os/as estudantes que están realizando estudos de master mediante a asignación dun profesor/a-titor/a.			X	Xornada de presentación (Outubro). Ciclo conferencias, seminarios e/ou xornadas.
Motivar unha participación activa do alumnado de novo ingreso nos distintos aspectos da vida universitaria.			X	
Ampliar a información que os estudantes teñen sobre a Universidade, os servizos que ofrece, os proxectos nos que poden participar, as bolsas ás que poden optar....			X	
Conclusións				

Universidade de Vigo	INFORME FINAL DEL PAT	Facultad de Ciencias Empresariales y Turismo	CODIF: R2-DO0203
----------------------	-----------------------	--	------------------

Ficha para a Avaliación do PAT				
Grao de Consecución dos Obxectivos				
Obxectivos Específicos Máster en Xestión Empresarial do Deporte				
Obxectivo	(Marcar cunha x)			Xustificación
	Non logrado	Parcialmente logrado	Logrado	
Fomentar a implicación dos estudantes na Xestión do Centro.		X		
Favorecer a comunicación cos estudantes e mellorar a satisfacción coa información recibida			X	
Dar cobertura ás necesidades de apoio formativo dos alumnos.			X	
Conclusións				
Aplicouse a mellora proposta para o curso 2014-2015, consistente no deseño e implantación dun PAT específico para o máster.				

	INFORME FINAL DEL PAT	Facultad de Ciencias Empresariales y Turismo	CODIF: R2-DO0203
---	-----------------------	---	---------------------

MELLORAS A INTRODUCIR PARA O CURSO 2015-2016

Grao en Turismo e ADE

- Facer as tres reunións grupais na clase e fomentar e potenciar as reunións individuais co titor. O titor escribirá periodicamente ós seus tutelados correos electrónicos para lembrarllles a súa función.
- Fomentar que o profesorado asuma funcións como titores do PAT. Estase a observar que moi poucos docentes asumen a titorización de alumnos. É un problema que débese abordar.
- Fomentar que os alumnos e o profesorado cubra as enquisas de satisfacción. Ademais, é necesario modificar o cuestionario para así detectar as respostas protesta.

Máster en Creación, Dirección e Innovación en la Empresa

Máster en Dirección e Planificación do Turismo de Interior e de Saúde

- Actualizar información na páxina web.
- Impulsar e fomentar o PAT. Buscar un maior contacto por parte do alumnado ante calqueira dúbida. Recibir así máis *feedback* cara a coordinación.

Máster en Xestión Empresarial do Deporte

- Desenvolvemento dos medios propicios para fomentar o contacto co alumnado e a súa participación no proceso de tutorización.

Anexo V-A

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL: CUESTIONARIO DE SATISFACCIÓN DOS ESTUDANTES GRAOS EN ADE E TURISMO

GRAO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS (Grao en ADE)

1 Valore a documentación e a información previa ofrecida do PAT:

Insuficiente	54%
Suficiente	46%

2 Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT:

Moi mala	15%
Mala	23%
Boa	54%
Moi boa	8%

3 En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás súas expectativas?

Nada	31%
Pouco	23%
Bastante	46%
Moito	0%

4 Valore o grao de utilidade do PAT:

Nada	31%	
Pouco	31%	
Bastante	32%	
Moito	6%	

5 Pensa que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

Si	38.5%
Non	61.5%

6 Considera axeitado o sistema de seguimento?

Si	54%
Non	46%

10 Que eliminaría do PAT?

Só houbo dous comentarios:

- “Eliminaría a ineficacia”.
- Pienso que está bien así.

11 Que engadiría?

- “Que se atenda e promova realmente”

GRAO EN TURISMO (Grao Turismo)

1 Valore a documentación e a información previa ofrecida do PAT:

Insuficiente	53%
Suficiente	47%

2 Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT:

Moi mala	17%
Mala	12%
Boa	71%
Moi boa	0%

3 En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás súas expectativas?

Nada	18%
Pouco	29%
Bastante	41%
Moito	6%

4 Valore o grao de utilidade do PAT:

Nada	18%
Pouco	18%
Bastante	35%
Moito	23%
Non Contesta	6%

5 Pensa que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

Si	70.5%
Non	23.5%
Non Contesta	6%

6 Considera axeitado o sistema de seguimento?

Si	53%
Non	41%
Non Contesta	6%

10 Que eliminaría do PAT?

Houbo os seguintes comentarios:

- “Eliminaría do pat porque pese a parecerme unha iniciativa moi útil creo que non mereces fondos para facer un traballo nulo”.
- “Nada”

11 Que engadiría?

Fixéronse os seguinte comentarios:

- “Nin me enterei de que existía, iso non é por falta de interese, se non por falta do voso traballo de poñervos en contacto con alumnado etc...”
- “Algunha sesión máis”
- “**IMPLICACIÓN.**”
- “Non se pode intentar manter un sistema de calidade onde a persoa encargada de recoller a información, cando se lle transmite adícase a contradecila ou a decir "sois muy jóvenes".”
- “¿Váleme un sistema de escoita? Si, váleme... pero cando funciona correctamente. O resto, o que fixemos este ano, é perder 15 minutos do noso tempo que, nalgúns casos, eran os minutos que estaban destinados a descansar despois de horas de clase no medio dunha xornada.”
- “Mais sesións“

Universidade de Vigo	INFORME FINAL DO PAT	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	CODIF: R2-DO0203
----------------------	----------------------	--	------------------

Anexo V-A

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: CUESTIONARIO DE SATISFACCIÓN DO TITOR/A MÁSTER EN DIRECCIÓN E PLANIFICACIÓN DO TURISMO DE INTERIOR E DE SAÚDE

1. Indique o número de reunións con alumnado titorizado que tiveron lugar durante o curso.

EN GRUPO	Nº	%
Modalidade presencial	3	100
Modalidade semipresencial	0	100

INDIVIDUAIS (Nº REUNIÓN%/)	2	3	4	5	6	7	8	9	14
Modalidade presencial	25	25	37,5		12,5				
Modalidade semipresencial	16,6	8,3		16,6	16,6	8,3	8,3	16,6	8,3

2 Valore a documentación e a información previa ofrecida do PAT:

Insuficiente	0%
Suficiente	100%

3 Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT:

Moi mala	
Mala	
Boa	25%
Moi boa	75%

BORRADOR

4 Valore a carga de traballo que supón o seguimento do PAT

Ningunha	100%
Pouca	
Bastante	
Moita	

5 Pensa que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

Si	100%
Non	

6 Valore o grado de utilidade do PAT de acordo coas experiencias co estudiantado:

Nada	
Pouco	
Bastante	65%
Moito	35%

7 Considera axeitado o sistema de seguimento?

Si	100%
Non	

8 Que eliminaría do PAT? Nada

(100%)

9 Que engadiría?

Nada (100%)

Universidade de Vigo	INFORME FINAL DO PAT	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	CODIF: R2-DO0203
----------------------	----------------------	---	---------------------

Anexo V-B

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: CUESTIONARIO DE SATISFACCIÓN DO TITOR/A GRAOS EN ADE E TURISMO

1 Indique o número de reunións con alumnado titorizado que tiveron lugar durante o curso académico:

Número de reunións en grupo	16
Número de reunións individuais	21

2 Valore a documentación e a información previa ofrecida polo equipo coordinador do PAT (equipo directivo/outro):

Insuficiente	0%
Suficiente	100%

3 Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT:

Moi mala	0%
Mala	0%
Boa	57%
Moi boa	43%

4 Valore a carga de traballo que lle supón o seguimento do PAT:

Ningunha	0%
Pouca	28.5%
Bastante	71.5%
Moita	0%

5 Considera que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

Si	100%
Non	0%

6 Valore o grao de utilidade do PAT de acordo coas experiencias co estudiantado:

Nada	0%
Pouco	28.5%
Bastante	43%
Moito	28.5%

7 ¿Considera axeitada a metodoloxía empregada?

Si	100%
Non	0%

8 ¿Pensa que é axeitado o sistema de seguimento?

Si	85.7%
Non	0%
Non contesta	14.3%

9 Que eliminaría do PAT?

Non houbo ningún comentario.

10 Que engadiría?

Fixéronse os seguintes comentarios:

- “*Promover unha maior participación do alumnado*”
- “Incorporar novos contidos para que os alumnos participen!
- “Máis medios”
- “Seminarios de formación”

Aprobación: Xunta de Centro XXX

Nome / cargo:

Elaboración: Comisión de Calidade X/X/2016

Aprobación: Comisión de Calidade

Nome / cargo:

Elena Rivo López / Decana

Marcos Álvarez Díaz/Vicedecano de Calidade

Beatriz González Sánchez/Secretaria

Elena Rivo López/Presidenta da Comisión